



# Padrón

Concello de Padrón  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
correo@padron.gal  
www.padron.gal  
Telf: 981 81 04 51  
Fax: 881 24 93 91

## DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO PARA O DIA XOVES 27 DE XUÑO DE 2024

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 7 de xullo de 2023,

### RESOLVO:

**Primeiro.** Convocar sesión ordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: xoves 27 de xuño de 2024
- ➔ Hora: 20:00
- ➔ Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

#### PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 30 DE MAIO DE 2024.
2. TOMA DE COÑECEMENTO POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE PADRÓN DA RENUNCIA DO CONCELEIRO DON ANTONIO FERNÁNDEZ ANGUEIRA.
3. TOMA DE COÑECEMENTO POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE PADRÓN DA RENUNCIA DO CONCELEIRO DON JOSÉ RAMÓN PARDO ANDRADE.
4. TOMA DE COÑECEMENTO POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE PADRÓN DA RENUNCIA DA CONCELEIRA DONA LORENA COUSO DOPAZO.

#### PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

5. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DO ALCALDE DO NÚMERO 446/2024 AO 544/2024.
6. MOCIÓNS DE URXENCIA.
7. ROGOS E PREGUNTAS.

**Segundo.** Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>) e no de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello ([www.padron.gal](http://www.padron.gal)), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

**Terceiro.** Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>), coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.

- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca